Documento 2 de 5.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 19/11/16 10:34
Código de integridad (alg. SHA-256): 58ef81c846d52942a9c699612cd06a95ba0ce16b3b72d7b6840a1808037
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO ROSA ANA - 10869361K, Emisor del certificado: AC FNMT Usuarios, Número de serie del certificado firmante: 97.228.506.235.507.981.916.756.407.011.714.596.387, Fecha de emisión de la firma: 18/11/16 13:10
Código de integridad (alg. SHA-256): 239b31e77303692038f52b5e1ef10e04377229 7d87b0762ab42761cf53ea4f3
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

FIRMADO

Concello de AMES

C.I.F.: P – 1500200 – I

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DAS GRADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DO MILLADOIRO. POS 2016.-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras "gradas cubertas no campo de fútbol do Milladoiro", correspondente ao POS 2016.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a devandita obra.

Visto o que antecede e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (Informe 176/2016), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,

previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluír do procedemento de licitación á empresa Obras y Contratas Rivademar SL por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreu na súa proposta económica.

Segundo.- Adxudicar a realización da obra "gradas cubertas no campo de fútbol do Milladoiro" á empresa Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL), con CIF B-15608193, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de sesenta e e oito mil cento quince euros e setenta céntimos (68.115,70.- Euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de catorce mil trescentos catro euros e trinta céntimos (14.304,30.- €).

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **4 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra gradas cubertas no campo de fútbol do Milladoiro a Alfonso Salgado, de Salgado e Liñares Arquitectos SLP.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 11 de novembro de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace	A secretaria
O alcalde	
José M. Miñones Conde	

Pz. Do Concello, nº2. Beltamiráns 15220 AMES (A Coruña) concellodeames@concellodeames.gal www.concellodeames.gal Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925